

## **HISTORIA DE ESPAÑA**

### **OPCIÓN A**

*Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre o movemento obreiro en España dende as súas orixes ata a crise da Restauración. Nela debes desenvolver as seguintes cuestións: Razóns e reivindicacións das mobilizacións obreiras; evolución das formas de organización e loita; identificación e caracterización das principais organizacións de traballadores. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

**Doc.1.-A destrución das máquinas. O exemplo da Fábrica de Tabacos da Coruña recollido en *El País. Diario de Pontevedra* (13 de decembro de 1857):**

“O luns 7 do actual houbo un pronunciamento de mulleres na fábrica da Palloza desta cidade (A Coruña). Parece que no canto dos cigarros que antes se facían nesta fábrica, están agora ensaiando a construción doutros de diferente feitura e (...) crearon un taller de pitos cunha máquina para picar o tabaco. Como ambas operacións son novas, non se prestan nin acomodan a elas as cigarreiras, porque non saben facelos, tardando tanto en elaboralos que a penas sacan a terceira parte do xornal que adoitaban (...). Alporizáronse aquelas catro mil mulleres, arremetendo contra os xefes e empregados do establecemento, destruíndo todo o tabaco (...), racharon e fixeron anacos as máquinas novas (...), tirándoas ao mar, o mesmo que os mobles, papeis, libros de caixa e efectos que atoparon nas habitacións do director”.

**Doc.2.-En setembro de 1855, *El Eco de la Clase Obrera* publicaba a seguinte petición ás Cortes:**

“Señores Deputados das Cortes Constituíntes:

Hai anos que a nosa clase vai camiñando cara a súa ruína. Os salarios minguan. O prezo dos comestibles e das habitacións é máis alto. As crises industriais sucédense. Temos que (...) mandar ao taller ás nosas donas con prexuízo da educación dos nosos fillos, sacrificar a estes mesmos fillos a un traballo prematuro.

É xa gravísimo o mal, urxe o remedio, e agardámolo de vosoutros. Non pretendemos que ataquedes a liberdade do individuo, porque é sagrada e inviolable; nin que matedes a concorrència, porque é a vida das artes; nin que carguedes sobre o Estado a obriga de socorrernos, porque coñecemos os apuros do Tesouro. Pedímosvos unicamente o libre exercicio dun dereito: do dereito de ASOCIARNOS.

Hoxe concédesenos só para favorecer nos casos de enfermidade ou de falta de traballo; concédasenos en adiante para opoñernos ás desmedidas esixencias dos donos dos talleres, establecer de acordo con eles tarifas de salarios, procurarnos os artigos de primeira necesidade a baixo prezo, organizar o ensino profesional e fomentar o desenvolvemento da nosa intelixencia, atender a todos os nosos intereses”.

**Doc.3.-Neste artigo publicado en setembro de 1872 en *La Defensa de la Sociedad*, advírtese do perigo que para a orde establecida supón a Asociación Internacional de Traballadores (AIT):**

“Proba en verdade que atinxe a reis e pobos, a sacerdotes e profanos, ao cidadán humilde e ao elevado magnate, á relixión, á moral, á propiedade, ao traballo; á autoridade, á liberdade, á paz pública; á patria, á familia, á seguridade persoal; á orde, ao goberno, á economía política; e en fin, a todas as entrañas da vida da humanidade. ¡Tremendo retroceso habería sufrir esta se en tal proba saísen vencidos os principios tutelares da súa existencia e desenvolvemento!

E vencidos saírían se os ánimos rectos, se os homes dos que os seus intereses morais e materiais están ameazados, se as clases lexítimas cegamente combatidas, non abrisen a tempo os ollos para ver e evitar o abismo onde empurra á sociedade enteira esa tempestade de erros (...), políglota e cosmopolita, que se titula a Asociación Internacional”.

**Doc.4.-En marzo de 1917, este Manifesto conxunto da UGT e a CNT propón a folga xeral, que sería definitivamente convocada en agosto:**

“O proletariado organizado chegou así ao convencemento da necesidade da unificación das súas forzas nunha loita común contra os amparadores da explotación erixida en sistema de goberno. E respondendo a este convencemento, os representantes da *Unión general de Trabajadores* e os da *Confederación Nacional del Trabajo* acordaron por unanimidade: Primeiro: (...) co fin de obrigar ás clases dominantes a aqueles cambios fundamentais de sistema que garantan ao pobo o mínimo das condicións decorosas de vida e de desenvolvemento das súas actividades emancipadoras, imponse que o proletariado empregue a folga xeral, sen prazo definido de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos”.

## **HISTORIA DE ESPAÑA**

### **OPCIÓN B**

*Os seguintes documentos deben permitirche elaborar un texto sobre a Guerra Civil. Na redacción debes desenvolver as seguintes cuestións: a sublevación militar que lle dá inicio; as posicións ideolóxicas que se enfrontan no conflito; a evolución política das dúas zonas; os factores que favorecen a vitoria final dos sublevados e as consecuencias desa vitoria. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

**Doc. 1.-Dolores Ibarruri, Pasionaria, chama á resistencia no seu discurso do 19 de xullo de 1936:**

“Traballadores, antifascistas, pobo laborioso: todos en pé a defender a República, as liberdades populares e as conquistas democráticas do pobo (...). Todo o país vibra de emoción ante eses desalmados que queren polo fogo e o terror sumir á España democrática e popular nun inferno (...). Pero non pasarán; España enteira está en pé de loita (...). ¡Viva a Fronte Popular! ¡Viva a unión de todos os antifascistas! ¡Viva a República do pobo!”

**Doc. 2.-Galeazzo Ciano, ministro italiano de Asuntos Exteriores, informa así da situación en España:**

“En España xa se formaron dúas fronteas. Cunha están alemáns e italianos; con outra franceses, belgas e rusos. O Duce está de acordo con Hitler en opinar que a determinación das dúas fronteas é xa un feito consumado. Italia apoiou e segue a apoiar aos españois sen condicións (...). A nosa acción en España é unha proba efectiva da nosa participación na loita antibolxevique”.

**Doc. 3.-Discurso de Largo Caballero, presidente do Goberno e secretario xeral da UGT, outubro de 1936:**

“Primeiro debemos gañar a guerra e despois xa poderemos falar de revolución”.

**Doc. 4.-Boletín informativo da CNT-FAI, xaneiro de 1937:**

“Que quede ben entendido que non estamos a loitar pola República democrática. Estamos a loitar polo triunfo da revolución proletaria. A revolución e a guerra son inseparables. Todo o que se diga en sentido contrario é contrarrevolución reformista”.

**Doc. 5.-Postura defendida en Mundo Obrero, órgano de expresión do PCE, marzo de 1937:**

“¿De que nos acusan os camaradas da CNT? Segundo eles, afastámonos do camiño do marxismo revolucionario. ¿Por que? Porque defendemos a República democrática (...). Unha República democrática e parlamentaria dun contido social como non existiu endexamais”.

**Doc. 6.-O 20 de abril de 1937, Francisco Franco, Xefe do Estado e Xeneralísimo das forzas nacionais, asina o Decreto de Unificación:**

“Art. 1. *Falange Española* e Requetés, cos seus actuais servizos e elementos, intégranse, baixo a Miña Xefatura, nunha soa entidade política de carácter nacional que, de momento, se denominará *Falange Tradicionalista y de las JONS*.”

Esta organización, intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicar ao Estado o alento do pobo e de levar a este o pensamento de aquel a través das virtudes político-morais, de servizo, xerarquía e irmandade (...).

Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos”.

**Doc. 7.-Último parte de guerra:**

“No día de hoxe, cativo e desarmado o exército roxo, acadaron as tropas nacionais os seus últimos obxectivos militares. A guerra rematou.

Francisco Franco. Burgos, 1-IV-1939. Ano da Vitoria”.

## HISTORIA DE ESPAÑA

### OPCIÓN A

**ORIENTACIÓNS:** Os dous documentos presentados axúzan a figura do xeneral Franco e o seu réxime de formas ben distintas. Na redacción debes tratar as seguintes cuestións: o réxime do xeneral Franco como resultado dunha guerra civil; caracterización xeral da ditadura; crítica dos argumentos expostos nos documentos, a partir dos teus coñecementos sobre o franquismo. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

#### **Doc.1.-Carta al Jefe del Estado (Salvador de Madariaga, 1944):**

“Xeneral, marche vostede. En van intenta vostede presentar España ao estranxeiro coma unha democracia. Non hai democracia que valla. Non hai estrataxema que agache as camisas de cor, coma Hitler, os pantalóns escuros, coma Hitler, o saúdo romano, coma Hitler, o título de Caudillo, mala tradución de Führer, coma Hitler, o partido único comendo o país en plena enchenta de corrupción, coma Hitler, a prensa domesticada, coma Hitler, os campos de concentración, coma Hitler. Xeneral, marche vostede.

Non llo digo por ofendelo. Pero o Caudillo dun bando dunha guerra civil non vale para facer a unidade española. O home que fusilou a Companys, a Zugazagoitia, a Cruz Salido e a tantos outros innumerables non serve para facer a unidade española. Ten vostede aldraxadas e asoballadas a Cataluña, Euskadi e Galicia. Malia que vostede é galego (...) vostede ten amordazadas as tres linguas galega, vasca e catalá; mudo o Orfeón Catalán, disperso o Instituto de Estudos Galegos de Santiago. Pero estes tres pobos teñen dereito a vivir como lles pareza nunha España que, libre, é grande de abondo para todos. Como a do Señor, é a de España casa de moitas moradas. Vostede non a comprende. Xeneral, marche vostede.

Que haxa polo menos na súa vida un acto que España poida agradecerlle. Xeneral, marche vostede”.

#### **Doc.2.-Fragmento da obra *Así se gobierna España* (Manuel Fraga Iribarne, 1952):**

“O glorioso alzamento popular o 18 de xullo de 1936 foi un dos máis simpáticos movementos político-sociais de que o mundo ten memoria. Os observadores imparciais e o historiador obxectivo han recoñecer que a maior e a mellor parte do país foi a que se ergueu, o 18 de xullo, contra un Goberno ilegal e corrompido, que preparaba a máis sinistra das revolucións vermellas dende o poder (...).

O pobo español, en plena crise de convivencia, aceptara a suprema xefatura de Franco para que este derrotase militarmente ao comunismo; pero ao mesmo tempo pedíalle que o constituíse politicamente, entregándolle a máis auténtica caudillaxe, no sentido propio da palabra. Visto o fracaso das asembleas para constituír ao país dende a crise de 1931, desexábase que esta vez fose un só e verdadeiro caudillo o que dese novas leis, nova constitución á comunidade. Coma Solón, coma Cromwell, coma tantos outros heroes nacionais, o Xeneral Franco debía ser o pai da Patria que a volveuse á normalidade e á orde”.

# HISTORIA DE ESPAÑA

## OPCIÓN B

**ORIENTACIÓNS:** Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre os fundamentos políticos da Restauración borbónica e o funcionamento real do sistema. Na redacción, debes abordar as seguintes cuestións: A concepción do sistema como unha monarquía constitucional; a dinámica da “quenda pacífica” entre dous partidos; a manipulación caciquil e electoral. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

### **Doc.1.-O Manifesto de Sandhurst presenta en 1874 o programa político da Restauración:**

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, natural é que volva os ollos ao seu habitual dereito constitucional e a aquelas libres institucións que nin en 1812 impediron que defendese a súa independencia nin rematar en 1840 outra empeñada guerra civil (...).

Afortunadamente, a Monarquía hereditaria e constitucional posúe nos seus principios a necesaria flexibilidade (...) para que todos os problemas que traía o seu restablecemento consigo sexan resoltos de conformidade cos votos e a conveniencia da nación. Non hai que agardar que decida eu nada en firme e arbitrariamente; sen Cortes non resolveron os negocios arduos os Príncipes españois alá nos antigos tempos da Monarquía, e esta xustísima regra de conduta non hei esquecerla eu na miña condición presente, e cando todos os españois están xa afeitos aos procedementos parlamentarios”.

### **Doc.2.-Constitución de 1876:**

“Don Alfonso XII, pola Graza de Deus, rei constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen, sabede: Que en unión e de acordo coas Cortes do reino, actualmente reunidas, viñemos en decretar e sancionar a seguinte Constitución da Monarquía española (...):

Art.11. A relixión Católica, Apostólica e Romana é a do Estado. A nación obrígase a manter o culto e os seus ministros (...).

Art.18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art.19. As Cortes están formadas por dous corpos colexisladores iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados (...).

Art.50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei (...).”

### **Doc.3.-Gobernos da quenda pacífica, 1875-1902:**

1875-1881	Cánovas, Martínez Campos
1881-1884	Sagasta, Posada Herrera
1884-1885	Cánovas
1885-1890	Sagasta
1890-1892	Cánovas
1892-1895	Sagasta
1895-1897	Cánovas
1897-1899	Sagasta
1899-1901	Silvela, Azcárraga
1901-1902	Sagasta

### **Doc.4.-Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en *Política española* (antoloxía de artigos), 1884:**

“Consecuencia de todo iso é o caciquismo, o entronzamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumentos do deputado, son donos dos resortes administrativos (...). O cacique dá e quita os miserentos postos de traballo que gozan os máis pobres do lugar; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen, ao facer o reparto da contribución, carga a man ao adversario, alixeirando ao amigo (...). Verdade é que o tirano da aldea, que tan grandes servizos presta ao deputado, someténdolle a localidade, abruma a este coas súas esixencias (...).”

### **Doc.5.-Valentí Almirall, republicano federal, denuncia o fraude electoral (1880):**

“Entre nós reina a farsa en toda a súa crueza, unha farsa completa, exclusiva das eleccións españolas. O mesmo se o sufraxio é universal que restrinxido, nunca hai máis que un só elector: o ministro da Gobernación. Este cos seus gobernadores de provincia e o innumerable exército de empregados de todas clases, sen excluír os altos cargos da maxistratura e do profesorado, prepara, executa e consuma as eleccións (...), dende o fondo do seu despacho, situado no centro de Madrid (...). Nada hai que sexa sagrado: listas electorais, urnas, escrutinio, todo é falseado polos nosos políticos baixo a inmediata dirección do gobernador civil de cada provincia”.

# Criterios de Avaliación / Corrección

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN A

Como tema a abordar, a evolución do movemento obreiro dende as súas orixes ata a crise da Restauración, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- As razóns derivadas da nova conflitividade social entre burguesía e clase obreira que o avance da industrialización propicia.
- As reivindicacións obreiras nos ámbitos sociolaboral (condicións de traballo, dereito de asociación, xornada, traballo feminino e infantil, salarios...) e político, destacando neste último o papel da conflitividade obreira na crise da Restauración.
- A evolución das formas de loita e organización obreira: ludismo, asociacionismo, internacionalismo, sindicalismo.
- A caracterización das principais organizacións de traballadores (UGT, CNT), destacando o protagonismo do anarquismo e do socialismo como tendencias ideolóxicas predominantes no movemento obreiro.

### OPCIÓN B

Como tema a desenvolver, a Guerra Civil dende o seu inicio en 1936 ata a vitoria franquista en 1939, tratando na redacción as cuestións mencionadas nas orientacións:

- O seu inicio, contextualizándoo como resultado dunha sublevación militar contra o goberno da Fronte Popular.
- O conflito bélico en termos ideolóxicos, como loita antifascista ou anticomunista, segundo a percepción de cada bando. É pertinente aludir ás principais diferenzas políticas entre os contendentes en ámbitos significativos (relixioso, educativo, socioeconómico...) que xa marcaran a traxectoria da Segunda República.
- A diferente evolución política das zonas republicana e “nacional”, insistindo nas disensións que marcaron a vida da España republicana (revolución/guerra) e o crecente protagonismo na mesma do PCE, así como no proceso de construción na segunda dun réxime de partido único, militar e caudillista, que sentaría as bases para a instauración da ditadura franquista.
- Os factores que favoreceron a vitoria final dos sublevados, entre eles a disimetría entre apoios estranxeiros cos que cada bando contou.
- A instauración dunha longa ditadura como consecuencia final da derrota da lexitimidade republicana.
- As referencias á evolución estritamente bélica do conflito son pertinentes sempre que non se convirtan en principal fío argumental da redacción.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN A

Como tema para abordar, as orixes e a caracterización básica do franquismo, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- A instauración do réxime franquista como consecuencia dun golpe militar contra un goberno lexítimo e unha posterior guerra civil.

# Criterios de Avaliación / Corrección

- A súa caracterización como ditadura en aspectos esenciais como a represión de toda disidencia e a concentración de poderes na figura do caudillo.
- Unha argumentación crítica fronte a algunhas das ideas expostas nos documentos.

## OPCIÓN B

Como tema para desenvolver, os fundamentos políticos e o funcionamento do sistema da Restauración, tratando na redacción as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A implantación do sistema e a caracterización conservadora que plasma a Constitución de 1876.
- A dinámica da “quenda pacífica”, personificada en Cánovas e Sagasta e identificando as forzas políticas alternantes.
- O caciquismo e o falseamento electoral, instrumentos que permiten a estabilidade fraudulenta do sistema e desprestixian progresivamente o parlamentarismo.